



## 1. Licenzas xogadores/as e inscrición nas competicións

As seguintes cotas teñen carácter anual, agás que se indique o contrario.

| Concepto   | % AGFG | Cantidade                         |
|--|--------|-----------------------------------|
| Afiliación club GGE  | 0 %    | 20 € / club                       |
| Licenza GGE xogador/a  | 40 %   | 10 € / xogador/a                  |
| Licenza GGE xogador/a (clube de nova creación)   | 0 %    | 2 € / xogador/a                   |
| Inscrición Liga Galega<br><i>Excluídos equipos na súa primeira tempada.</i>  | 100 %  | 100 € / equipo                    |
| Inscrición All-Galicia e outras competicións galegas<br><i>Consensuarase ao remate da Liga.</i>  | 100 %  | <i>A decidir</i>                  |
| Inscrición Torneo GGE (Ibérico / Europeo)<br><i>A GGE pode autorizar variacións nestas cotas dependendo do torneo.<br/>Trátase dunha cota por torneo, non é unha cota anual.</i> | 0 %    | 20 € / equipo<br>10 € / xogador/a |

A columna “% AGFG” indica a porcentaxe da cota que queda a favor das contas da AGFG. A porcentaxe restante corresponde á parte da cota a favor de GGE, a GAA ou LGFA, actuando a AGFG de intermediaria no pago de ditas cotas.

A alta das licenzas no Foireann (sistema de rexistro da GAA/LGFA) deberá facerse en **xaneiro**. Deberán darse de alta as licenzas viventes nesa tempada (ver explicación da correspondencia das tempadas galegas coas de Europa/Irlanda no apartado 6).

Para saber como rexistrar xogadores no Foireann, podes consultar o manual da plataforma en:  
<https://gaelicogalego.gal/documentacion/xestion/>



## 2. Mutualidade (seguro)

| Concepto  | Cantidade     |
|---|---------------|
| Equipo<br><i>Cobrarase ao dar de alta o primeiro xogador do equipo.</i>                         | 98 € / equipo |
| Xogador/a categoría sénior (+18)  | 89 € / persoa |
| Xogador/a categoría xuvenil (16-17)   | 60 € / persoa |
| Xogador/a categoría inferior a xuvenil (sub-16)   | Gratis        |
| Adestrador/a, auxiliares e delegados/as   | 58 € / persoa |
| Árbitro/a<br><i>Esta é a cantidade que debe aboar cada árbitro/a como parte da colexiación.</i> | 64 € / persoa |

Estas cantidades corresponden só á formalización do seguro de accidentes deportivo que é obrigatorio por lei.

Os pagos á mutualidade faranse a través da intranet da FGF no momento da alta (o seguro non estará vixente ata que se complete o pago). As cantidades veñen definidas pola propia mutualidade e revísanse anualmente. Poden realizarse pagos parciais.

Aínda que a alta na mutualidade se pode realizar en calquera momento antes da competición, o sensato é facelo cando comecen os adestramentos xa que do contrario os xogadores non estarán cubertos (a lo menos con aqueles que saibamos que van a competir).

## 3. Arbitraxes

| Concepto   | Cantidade |
|--|-----------|
| Partido único ( <b>provisional</b> *)              | 80 €      |
| Dous partidos consecutivos ( <b>provisional</b> *) | 100 €     |

\* NOTA IMPORTANTE: Esta tempada realizarase unha modificación na forma de compor o recibo arbitral, facéndoo máis parecido ao que se leva no fútbol e fútbol sala. O Comité de Arbitraxe da AGFG está a traballar conxuntamente coa FGF neste tema, e espérase que se poida presentar a reforma en outubro/novembro e que teña a mínima repercusión sobre os importes actuais.




## 4. Sancións

| Concepto   | Cantidade       |
|--|-----------------|
| <b>Infraccións clubs</b>   |                 |
| Aliñación indebida   | 30 €            |
| Presentación con menos dun equipo titular                          | 5 € / xogador   |
| Comparecencia tardía   | 15 €            |
| Incomparecencia  | 30 €            |
| 3ª incomparecencia ou retirada da competición                      | 200 €           |
| Retirada en fases finais ou últimas dúas xornadas                  | 400 €           |
| Incumprimento deberes organización de partido                      | 30 €            |
| <b>Infraccións xogadores</b>                                       |                 |
| Cartón amarelo   | 1 €             |
| Cartón negro   | 3 €             |
| Cartón vermello  | 5 €             |
| Multa por cada partido de sanción a xogadores                      | 5 € / partido   |
| Multa por cada partido de sanción a adestradores, directivos, etc. | 7 € / partido   |
| <b>Xeral</b>   |                 |
| Infracción leve  | 0 € ~ 120 €     |
| Infracción grave   | 121 € ~ 300 €   |
| Infracción moi grave   | 301 € ~ 1,500 € |

A contía dunha infracción leve, grave ou moi grave determinarase en función da severidade e da reincidencia na mesma, sen prexuízo doutras sancións adicionais.



## 5. Resumo prazos e métodos de pago



| Concepto                        | Como?          | Cando?   |
|---------------------------------|----------------|--|
| Club GGE                        | Ingreso á AGFG | Xaneiro ~ marzo  |
| Licenzas GGE xogadores/as       | Ingreso á AGFG | Xaneiro ~ marzo<br><i>Para xogadores que se incorporen máis tarde, farase un 2º pago en xuño</i> |
| Mutualidades (seguros)          | Intranet FGF   | En cada alta   |
| Inscrición competicións galegas | Ingreso á AGFG | Antes do comezo  |
| Inscrición ibéricos             | Ingreso á AGFG | Xuño   |
| Inscrición europeo              | Ingreso á AGFG | Outubro ~ novembro   |
| Sancións competicións galegas   | Ingreso á AGFG | Xuño   |
| Arbitraxes competicións galegas | Cargo a conta  | Semana despois do partido  |



## 6. Notas sobre GGE / GAA / LGFA

En Europa e Irlanda, as competicións e toda a xestión está organizada en torno ao ano natural (xaneiro~decembro), mentras que en Galicia está organizada en torno ao curso (xullo~xuño), o cal require adaptar/axustar os prazos de pago das cotas relacionadas coa GGE.

O esquema de pagos acordado coa GGE é:

- **Xaneiro ~ marzo:** Cota anual do clube e licenzas dadas de alta nese momento.
- **Xuño:** Cotas por participación en torneos ibéricos nese ano natural e novas altas non abonadas en marzo.
- **Outubro ~ novembro:** Cotas por participación no campionato europeo (que se celebra típicamente en outubro) e outros torneos celebrados entre xuño e novembro.

A tempada galega correspóndese coa tempada GGE no ano natural na que esta remata, é dicir, a tempada 2021/22 en calendario galego correspóndese coa tempada 2022 en calendario GGE. Desta maneira, os pagos relacionados coa GGE para a tempada 2021/22 serían:

| Prazo         | Conceptos  |
|---------------|--|
| Marzo 2022    | Cota afiliación clube para o ano 2022<br>Licenzas xogadores/as da tempada 2021/22  |
| Xuño 2022     | Licenzas xogadores/as da tempada 2021/22 non aboados en marzo<br>Cotas participación en torneos ibéricos no 2022   |
| Novembro 2022 | Cotas participación en europeo 2022 e outros torneos oficiáis do 2022 non aboados en xuño<br>En xeral, liquidación de todas as cotas GGE correspondentes ao ano 2022 |

### Glosario

- **GAA:** Gaelic Athletic Association  
Entidade que xestiona o fútbol gaélico masculino.
- **LGFA:** Ladies Gaelic Football Association  
Entidade que xestiona o fútbol gaélico feminino.
- **GGE:** Gaelic Games Europe  
Entidade que xestiona o fútbol gaélico (masculino e feminino) en Europa Continental.  
Dependente tanto da GAA e da LGFA, e á que pertence a AGFG.